



CEIP Emilia Pardo Bazán

**MODELO DE AUTORIZACIÓN PARA O USO DE IMAXES DE MENORES
 DE 14 ANOS POLO CENTRO EDUCATIVO CEIP EMILIA PARDO BAZÁN**

Don/Dna.....con n.º identificador (DNI, NIE, Pasaporte, na miña condición de representante legal do alumno ou alumna,

AUTORIZO **NON AUTORIZO**

ao CEIP EMILIA PARDO BAZÁN da Coruña, á **UTILIZACIÓN DA IMAXE E DA VOZ** do neno/a en relación coas actividades escolares e extraescolares promovidas polo centro e polos responsables e autoridades educativas na páxina web ou blogues do centro e aula ou institucionais, na revista escolar e en medios de comunicación durante o curso escolar 20___/___.

As accións, produtos e utilidades derivados do seu uso terán sempre unha finalidade educativa e comunicativa e non poderán, en consecuencia, xerar ningún tipo de lucro. Ademais, recoñezo ter sido informado/a da posibilidade de revogación deste consentimento en calquera momento.

Así mesmo, autorizo o tratamento da imaxe en contornas, aplicacións ou ferramentas virtuais prestadoras de servizos en nube e de redes sociais (perfis institucionais do colexio en Facebook, Twitter, Instagram...) e á posible transferencia internacional de datos, derivada do seu uso, aos países nos que se atopen os seus servidores.

Este consentimento, fundado no artigo 7 da Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, emítese aos efectos de autorizar á utilización de imaxes e voz obtidas durante as actividades complementarias de aula e do centro, ademais da publicación de imaxes na web e blogs que de seguido se relacionan coa finalidade de “EN cumprimento do disposto no artigo 11 da Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, infórmase de que os datos persoais facilitados quedarán rexistrados nun ficheiro de titularidade da Consellería de Educación da Xunta de Galicia co obxecto de xestionar o presente procedemento. A persoa interesada poderá exercer os dereitos regulados no Capítulo II do Título III da devandita Lei ante a Secretaría Xeral Técnica da Consellería de educación, Universidade e F.P, sita no edificio administrativo de San Caetano s/n, 15781 Santiago de Compostela, ou mediante o envío dun correo electrónico a sxt.educacion@xunta.gal”.

Os datos persoais e o material audiovisual realizado co alumnado incorporárase a un ficheiro de datos e imaxes dos que é responsable o centro educativo e que ten por obxecto a axeitada organización e presentación das distintas actividades que se desenvolven neste centro educativo, así como a publicación das memorias escolares, orlas, axendas, páxinas web, blogs, de actos e obras de teatro, etc. Así mesmo, os datos relativos a nome, apelidos, enderezo e teléfonos poderán ser facilitados á ANPA para a organización e funcionamento das súas actividades

A Coruña, de de 20.....

Asinado:
 (o representante legal)